Problema972: Como se chama o polímero obtido a partir do ácido 1,4-bencenodicarboxílico e do etanodiol. Escribe a reacción de polimerización. Indica algún dos seus usos.

O ácido 1,4-bencenodicarboxílico coñécese tamén como ácido tereftálico, e o etanodiol coñécese tamén como etilenglicol. O polímero de condensación de ambos é o poli(etilentereftalato) ou PET.

A reacción de polimerización é:



É un dos plásticos máis comúns, é lixeiro, non é caro e é facilmente reciclable, usado sobre todo para envasar alimentos e bebidas. A maioría das botellas de auga que se comercializan en España están feitas a partir de PET